

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

\*\*\*\*\*

**CEIP PLURILINGÜE  
“SANTA MARÍA”  
AS PONTES**



*CURSO 2023-2024*

# ÍNDICE

---

<b>1. OBXECTIVOS.....</b>	3
1.1. Obxectivos xerais.	
1.2. Obxectivos específicos.	
- Medidas e recursos previstos para a consecución dos obxectivos	
<b>2. MATRÍCULA.....</b>	6
<b>3. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....</b>	6
3.1     Equipo directivo.	
3.2     Adscrición do profesorado.	
3.3     Equipos docentes. Departamentos e Dinamización.	
3.4     Titorías.	
3.5     Alumnado. Distribución.	
3.6     Horario xeral e criterios pedagógicos e organizativos.	
3.7     Calendario escolar.	
3.8     Avaliación do alumnado.	
3.9     Libros de texto establecidos no centro.	
<b>4. ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	20
Plan de Orientación educativa (ANEXO I)	
■ Descripción das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.	
■ Plan Xeral de Atención a Diversidade.	
■ Plan de actuación da mestra de PT.	
■ Plan de actuación da mestra de AL.	
<b>5. PROXECTOS E PROGRAMAS A DESENVOLVER NO CENTRO.....</b>	20
5.1. Programa de dinamización da lingua galega (ANEXO II)	
5.2. Plan Anual de Lectura (ANEXO III)	
5.3. Proxecto lector – Plan de biblioteca (ANEXO IV)	
5.4. Plan Dixital e E-Dixgal (ANEXO V)	
5.5. Plan de autoprotección do centro (ANEXO VI)	
5.6. Plan de acollida ao alumnado inmigrante (ANEXO VII)	
5.7. Proxecto Lingüístico. (ANEXO VIII)	
5.8. Plan de Convivencia (ANEXO IX)	
5.9. Plan de Igualdade (ANEXO X)	
5.10. Plan de Comunicación (ANEXO XI)	
5.11 Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente	
5.12. Plan de actividades propostas polo ANPA. (ANEXO XII)	
<b>6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....</b>	21
<b>7. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....</b>	21
<b>8. PROCEDIMENTO AVALIACIÓN PXA.....</b>	21
<b>9. APROBACIÓN DA PXA.....</b>	22

**DATOS DO CENTRO**

Unidades de Educación Infantil	2
Unidades de Educación Primaria	6

Código postal da localidade	15320
Código do centro	15013591
Número de CIF	Q 6555135 J
Teléfonos do centro	881930071 881930070
Fax do centro	881930073

Páxina web	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariaaspontes">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariaaspontes</a>
E-mail	<a href="mailto:ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.gal">ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.gal</a>

**BLOGOTECÀ**

BIBLIOTECA ESCOLAR	<a href="http://bibliolili.blogspot.com.es/">http://bibliolili.blogspot.com.es/</a>
--------------------	---

## **1.OBXECTIVOS**

### **1.1. Obxectivos xerais**

- Pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado poñendo o acento educativo no “aprender a aprender” en formar ao alumno/a a base de priorizar o papel das actitudes, os valores e as normas como orientadores do currículo.
- Educación con calidade para todo o alumnado independentemente das súas condicións ou circunstancias.
- Desenvolver as capacidades intelectuais, técnicas de estudio e destrezas psicomotoras, cunha correcta presentación dos traballos.
- Valorar a nosa lingua facendo uso dela nas situacións de comunicación que se requiran e adoptar unha actitude de respecto ante as intervencións das outras linguas.
- Crear hábitos de estudio e investigación, afeccións artísticas, científicas e culturais, fomentando as actividades extraescolares.
- Orientar ao alumno cara a busca de valores que o leven ao respecto de si mesmo e dos demais, co sentido da responsabilidade persoal e colectiva.
- Crear unha auténtica comunidade educativa como expresión dunhas relacións humanas dirixidas cara intereses comúns, que facilite o logro dos obxectivos persoais de formación e superación de todos os seus compoñentes, de xeito que faga posible a convivencia en liberdade, respecto, afecto e solidariedade con igualdade entre sexos e rexeitando todo tipo de discriminación e respectando todas as culturas.
- Desenvolver no alumno un coñecemento crítico e analista do entorno, afondando na atención en valores.
- Mellorar a calidade no proceso educativo e na convivencia, facendo fincapé na Educación Viaria.
- Preparar para participar activamente na vida social e cultural.
- Fomentar o Plurilingüismo.
- Integrar ao profesorado nas TIC.
- Desenvolver o traballo cooperativo na aula.

### **1.2. Obxectivos específicos**

- Potenciar un bo clima de convivencia no Centro en referencia a toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente).

- Crear un bo ambiente de traballo e relacións humanas afectivas no profesorado, que repercuta en toda a Comunidade Educativa.
- Estimular o traballo en grupo dos membros do Claustro como medio para lograr unha efectiva organización e coordinación.
- Mellorar o rendemento nas competencias, facendo fincapé nas lingüísticas e de matemática, ciencia e tecnoloxía .
- Programar actividades complementarias en coordinación cos obxectivos e contidos que se traballen durante o curso, para que as experiencias que os/as alumnos/as adquiran a través delas, revertan no seu proceso de aprendizaxe.
- Planificar actividades complementarias comúns a todo o centro, adecuándoas á etapa de infantil e a de primaria.
- Atender á diversidade do alumnado, aplicando as medidas que nos proporcione o Departamento de Orientación e implicando aos pais e nais nas actividades de apoio e reforzo.
- Fomentar actitudes, hábitos, valores que melloren a convivencia e o respecto.
- Poñer en práctica o acordado no Plan lector e fomentar o uso da biblioteca do centro a través do préstamo de libros de lectura co fin de favorecer a adquisición do hábito lector e o gusto pola lectura.
- Favorecer a coordinación entre os/as titores e distintas etapas educativas con reunións periódicas da CCP, segundo o horario marcado para ditas reunións.
- Utilizar a lingua materna predominante coidando que o alumnado adquira de forma oral e escrita as outras linguas.
- Favorecer os comportamentos de respecto entre todos os membros da comunidade, así como o respecto ás instalacións e materiais do centro, potenciando a concienciación do alumnado a través da acción titorial.
- Educar nos valores humanos, fomentando a tolerancia e a solidariedade para acadar unha formación na igualdade entre os sexos e no rexeitamento a todo tipo de discriminación. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas.
- Fomentar a comunicación, participación e coordinación coas familias a través de reunións grupais, entrevistas individuais en titorías, uso da axenda escolar e do aplicativo Abalar móvil.
- Conquerir o dominio das técnicas instrumentais e de estudio, establecendo unhas pautas básicas e xerais a fin de presentar os traballos correcta e decorosamente.
- Promover a Innovación Educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe a través das TIC fomentando o uso da tecnoloxía.

- Continuar co desenvolvemento do proxecto Edixgal.
- Integrar o traballo dos distintos equipos para o desenvolvemento do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- Acadar unha relación co entorno social, económico e cultural seguindo na elaboración da actividade para traballar as nosas festas tradicionais ou conmemorativas.
- Facilitar e potenciar a formación permanente do profesorado de cara a actualizar o noso labor docente.
- Apoiar e dinamizar o funcionamento da ANPA.

#### ❖ **Medidas e recursos previstos para a consecución dos obxectivos**

##### **MEDIDAS**

1. Elaboración e organización dos distintos horarios de atención ao alumnado.
2. Potenciación do traballo en equipo .
3. Distribución do profesorado nos distintos órganos de participación e coordinación. Unha vez constituídos, elaborarán e desenvolverán os plans respectivos.
4. Reunión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Dinamización da Biblioteca, de Ciclos, de Actividades Complementarias e da Comisión de Coordinación Pedagógica. Ademais dos equipos encargados da elaboración dos diferentes proxectos.
5. Información aos pais/nais para que a súa colaboración co centro reverta nunha mellora educativa para os seus fillos/as.

##### **RECURSOS**

1. A normativa vixente en canto a organización e funcionamento do centro nos diferentes aspectos.
2. Plan de Convivencia .
3. Plan de Autoprotección do Centro.
4. Plan de Atención á diversidade e Plan de Acolida do alumnado inmigrante.
5. Plan de Igualdade
6. Recursos existentes no centro e os que solicitemos á Consellería, ao Concello e ás distintas administracións.
7. As asignacións orzamentarias da Consellería
8. O XADE web, Espazo Abalar, o programa MEIGA, a nosa páxina web, blogues.
9. Equipos informáticos, como paneis dixitais nas aulas, ordenadores para o alumnado, ordenadores do profesorado...

## 2. MATRÍCULA

O alumnado total que asiste no actual curso 2023-2024 ao CEIP Plurilingüe Santa María de As Pontes (A Coruña) é de **119** alumnos/as, distribuídos da seguinte maneira:

Educación Infantil	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 4º Infantil: 9 alumnos/as</li> <li>• 5º Infantil: 11 alumnos/as</li> <li>• 6º Infantil: 7 alumnos/as</li> </ul>
Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1º primaria: 9 alumnos/as</li> <li>• 2º primaria: 12 alumnos/as</li> <li>• 3º primaria: 21 alumnos/as</li> <li>• 4º primaria: 17 alumnos/as</li> <li>• 5º primaria: 14 alumnos/as</li> <li>• 6º primaria: 19 alumnos/as</li> </ul>

O centro consta de dous edificios. Nun deles está o alumnado de Educación Infantil, unha aula que será utilizada temporalmente como aula de Apoio, primeiro e segundo de Educación Primaria e un aula para a directiva da ANPA. No outro edificio, o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, Dirección, Secretaría, aula de Informática, Departamento de Orientación, aula de Educación Física, aula de Inglés (que se emprega para relixión), Música , Biblioteca e aula de Apoio.

## 3.ORGANIZACIÓN DO CENTRO

### 3.1. Equipo directivo

O Equipo Directivo está formado por:

Rodrigo López-Felpeto Beres, Director
Rocío Graña Iglesias, Xefa de Estudos
Yaiza Linaje Álvarez, Secretaria

Entre as funcións do Equipo Directivo, ademais das marcadas pola lexislación vixente, estarán as de:

- Cumprir e facer cumprir a normativa que regula o curso 23/24.
- Difundir entre todos os membros da comunidade educativa as novidades normativas.
- Tramitar a compra de material para o centro.
- Participar e animar no desenvolvemento dos proxectos de centro.
- Fomentar unha relación positiva entre todos os membros da comunidade escolar.
- Facilitar as actividades que se levan a cabo, dando información e cedendo as aulas necesarias.
- Colaborar coas administracións locais para impulsar as actividades extraescolares/complementarias e promover a relación do centro co entorno.
- Propoñer iniciativas e colaborar coas propostas que fai a ANPA a través de reunións coa directiva da mesma.
- Crear un clima de compañeirismo e de colaboración con todos os membros do claustro e que se aprecia no nivel de participación do profesorado en todas as propostas que fai o equipo.
- Colaborar coas diversas asociacións do pobo, cedendo parte das instalacións para actividades, recibindo logo, a súa colaboración sempre que se lle solicita.
- Coñecer a realidade das familias do noso alumnado.

O traballo do Equipo directivo repártese en horas para reunións cara o traballo convxunto dos tres membros, e horas dedicadas a traballo individual.

Concretamente computadas do seguinte xeito e co seguinte horario:

- . Dirección 7 h.
- . Xefe de estudos: 5 h.
- . Secretaría: 5 h.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Dirección		Xefatura	Dirección	Xefatura
	Dirección		Secretaría	
	Xefatura		Xefatura	Dirección
Equipo directivo	Secretaría	Dirección		Dirección
		Secretaría		Secretaría

**3.2. Adscripción do profesorado**

Os horarios e adscripción do profesorado estableceránse atendendo ás necesidades do Centro e a súa organización.

EDUCACIÓN INFANTIL	MESTRES E MESTRAS
▪ 4º Infantil	Claudia Berdeal Núñez
• 5º e 6º de Infantil	Elisa Fraga Chao / Ana Mª Fraga Martínez (fai media xornada)
EDUCACIÓN PRIMARIA	MESTRES E MESTRAS
▪ 1º primaria	Miguel Cases de Orozco
▪ 2º primaria	Iria López López
▪ 3º primaria	Rocío Graña Iglesias
▪ 4º primaria	Mercedes Iglesias Aguiar
▪ 5º primaria	Rodrigo López Felpeto-Beres
▪ 6º primaria	Margarita Casal Puentes
▪ Lingua Estranxeira ( Inglés)	Iria Coello Alonso / Aurora Mª Santalla Ramos (fai media xornada)
▪ Educación Física	Yaiza Linaje Álvarez
• Música e Danza	Santiago Sayans Amo
▪ Relixión Católica	Uxía Estévez Pateiro
▪ Pedagoxía Terapéutica	Patricia Álvarez Quintana
▪ Departamento Orientación	Sonia López Conde
▪ Audición e Linguaxe	Marta Vilasuso Villar

### **3.3. Equipos docentes. Departamentos e Dinamizaciones**

- Coordinadora Equipo de Educación Infantil: Elisa Fraga Chao
- Coordinadora do primeiro ciclo de primaria: Iria López López
- Coordinadora do segundo ciclo de primaria: Mercedes Iglesias Aguiar
- Coordinador do terceiro ciclo: Santiago Sayáns Amo
- Dinamización da Biblioteca: Yaiza Linaje Álvarez
- Dinamizador da Lingua Galega: Santiago Sayans Amo
- Coordinador Actividades Extraescolares e Complementarias: Miguel Cases de Orozco
- Coordinadora do programa plurilingüe: Iria Coello Alonso
- Coordinadora TICS: Rocío Graña Iglesias
- Coordinador E-Dixgal: Rodrigo López-Felpeto Beres
- Coordinadora de Benestar e Convivencia: Sonia López Conde

#### ***Periodicidade das reunións***

ÓRGANOS	REUNIÓNS
<b>Equipo directivo</b>	<b>Luns de 12:00 a 13:10</b>
<b>Consello Escolar</b>	<b>Trimestral</b>
<b>Claustro</b>	<b>Mensual 1º luns</b>
<b>Equipo de ciclo</b>	<b>Mensual 2º luns</b>
<b>Dinamización Biblioteca</b>	<b>Mensual 2º luns</b>
<b>CCP</b>	<b>Mensual 4º luns</b>
<b>Departamento de Orientación</b>	<b>Mensual 4º luns</b>
<b>Equipo de dinamización da lingua galega</b>	<b>Mensual 3ºluns</b>
<b>Equipo de act. Extraescolares e complementarias</b>	<b>Mensual 3ºluns</b>
<b>Dinamización das TICs</b>	<b>Mensual 3º luns</b>

### **3.4. Titorías**

O tempo dedicado para a atención dos pais/nais é unha hora semanal, concretamente de 17 a 18 horas dos luns, aínda que en casos puntuais poderá haber variacións.

En canto á reunión cos pais/nais, así coma outras funcións do profesor/a titor/a, remitímonos ao establecido no Plan de Acción Titorial.

As datas de reunións cos pais de principio de curso, e que foron as seguintes:

**EDUCACIÓN INFANTIL:**

- 4º de Infantil anos: 8 setembro
- 5º e 6º de infantil: Durante o mes de setembro

**EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- 1º curso, 2º curso, 3º curso, 4º curso e 6º curso: Durante o mes de outubro.
- 5º de primaria: 8 setembro

**3.5. Alumnado. Distribución**

O CEIP Plurilingüe Santa María na actualidade ten un total de 119 alumnos/as.

Distribúense en dúas aulas de Educación Infantil e seis de Educación Primaria. Contando en total con oito titorías.

**3.6. Horario xeral, criterios pedagógicos e organizativos**

**Lectivo**

As actividades lectivas desenvólvense en sesións de xornada continuada de 9.00 a 14.00 h.

**De atención aos pais/nais**

Establecemos o día de titoría coas nais/pais os luns de 17.00 a 18.00 horas. As nais/pais deberán solicitar as entrevistas para confirmar a hora. As nais/pais tamén poderán solicitar entrevistas co profesorado especialista no mesmo horario.

**De recreo:**

Realizaranse:

- De 11:30 h a 12:00 h
- 4º , 5º e 6º de Educación Infantil
- 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria

Para Educación Primaria realizarase o recreo no patio principal de primaria, con todo o alumnado.

Mentres que o alumnado de Educación Infantil o realizará no patio cuberto de infantil.

Os horarios individuais de cada profesor forman parte do documento de organización do centro (DOC).

O horario de atención ao público, que está exposto en lugares visibles, para o coñecemento dos distintos sectores é o seguinte:

- Martes: De 10:00 a 13:00 horas.
- Xoves: De 9:00 a 11:30 horas.
- Venres: De 10:40 a 13:10 horas.

#### ❖ Criterios pedagógicos e organizativos

- A organización do horario para o alumnado garante a dedicación dos **tempos mínimos** que establece a **lexislación vixente** para cada unha das áreas de aprendizaxe do currículo.
- Dentro do horario diario, dedicaranse 20 minutos á lectura dentro do programa *Hora de ler* que se vai a realizar de 12:00 a 12:20.

O profesorado poderá acudir a aula de informática dentro do horario establecido, sempre de xeito organizado para evitar coincidir varios grupos na mesma aula.

- A distribución das áreas en cada xornada e ao longo da semana realizaranse atendendo principalmente a razóns pedagógicas:
  - ✓ Procurarase non impartir dúas sesións continuadas dunha mesma área.
  - ✓ Períodos iniciais: actividade de máxima concentración.
  - ✓ Períodos finais: actividades más relaxadas.
  - ✓ Distribución proporcional ao longo do día das áreas que requiran un maior esforzo mental xunto a outras de maior actividade física ou artística.
  - ✓ A adaptación do horario á dispoñibilidade das instalacións do centro.
  - ✓ A compatibilidade dos horarios de Educación Infantil e Educación Primaria.
- Tendo en conta a Disposición Adicional cuarta do Decreto 155/2022, na etapa de Educación Primaria o profesorado do centro poderá enviar para a casa tarefas extraescolares para fomentar o desenvolvemento das competencias clave. Estas tarefas deben encaixar na vida das familias, repectando o tempo de ocio e conciliación. DEste xeito fomentarase a autonomía, responsabilidade e esforzo do alumnado.

#### 3.7. Calendario escolar

O curso 2023-2024 abrangue dende o día 1 de setembro de 2023 ata o 31 de agosto de 2024.

As clases comenzaron o día 11 de setembro tanto na etapa de Educación Infantil coma na de Educación Primaria.

Para dar cumprimento á Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24, o Consello Escolar e mailo Claustro de Profesores/as acordaron solicitar os seguintes días non lectivos:

- 13 de outubro de 2023
- 20 de maio de 2024

Estas datas foron consensuadas cos demais centros da localidade.

Último día lectivo: 21 de xuño.

### **3.8. Avaliación do alumnado**

Para a avaliação do alumnado seguiranse as pautas marcadas no texto consolidado LOE-LOMLOE e na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliação nesa etapa educativa e a Orde do 30 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliação nesa etapa educativa.

O proceso de avaliação concíbese como unha operación de seguimento continuo, persoal e globalizado dos alumnos.

Levarase a cabo a Avaliación Inicial durante o mes de setembro e os primeiros días de outubro. Cada mestre valorará os informes individuais de cursos anteriores, nos que cada profesor tratará de detectar casos particulares relevantes tomando as decisións ou propostas concretas (reforzos, apoios ou ACIs).

A avaliação será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso formativo de maneira sistemática. As actividades de avaliação orientaranse á detección de progresos realizados polo alumno en todos os ámbitos do seu desenvolvemento.

Avaliacións segundo establece a LOE- LOMLOE, os Decretos de currículo de Infantil e Primaria e as Ordes que os desenvolven.

Tanto no aspecto instrutivo como educacional cómpre ter presentes os factores ambientais nos que o alumno se desenvolve: medio cultural, ambiental, socio-económico, etc., así como as dificultades ou diferencias ocasionadas pola fenda dixital.

#### ***O proceso de avaliação axudaranos a determinar:***

- A relación entre os coñecementos básicos e os contidos e obxectivos que se marcaron.
- O nivel de madurez que vai alcanzando o alumnado no referente a: competencias, hábitos, destrezas, actitudes, creatividade, sociabilidade...
- Factores de aprendizaxe: medios, métodos, hábitos de estudo e traballo...

- Os resultados da avaliación individual do alumnado servirán como referencia para a adopción de medidas correctoras da actividade docente, así como para a aplicación dos distintos plans individuais de reforzo e recuperación.

As datas das sesións de avaliación parciais serán as seguintes:

<b>1<sup>a</sup> Avaliación</b>	<b>18 de decembro</b>
<b>2<sup>a</sup> Avaliación</b>	<b>18 de marzo</b>
<b>3<sup>a</sup> Avaliación</b>	<b>25 de xuño</b>

Tendo en conta que a sesión de avaliación inicial se levará a cabo no 9 de outubro e a final coincidindo coa 3<sup>a</sup> avaliación.

Despois de observado o calendario escolar, propónense as seguintes datas de envío de información aos pais/nais/tutores :

- 1<sup>a</sup> Avaliación: 21 de decembro de 2023
- 2<sup>a</sup> Avaliación: 22 de marzo de 2024
- 3<sup>a</sup> Avaliación e Final: 26 de xuño de 2024.

### **3.9. Relación de libros de texto establecidos no centro**

#### **EDUCACIÓN INFANTIL**

##### **4º, 5º e 6º de Infantil**

**Non usarán libros de texto, só material.**

#### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

##### **Primeiro:**

Curso	Área	Proxecto	Idioma	Editorial	ISBN
1º	Lengua Castellana 1º trimestre 2º trimestre 3º trimestre	Primeros Pasos PAUTA. Construyendo mundos.	Castelán	Santillana	978-84-680-7160-2

1º	Lingua Galega 1º trimestre 2º trimestre 3º trimestre	LECTOESC RITURA Construíndo mundos (1-1) Lingua Construíndo mundos (1-2)	Galego	Santillana	978-84-9185-399-2 978-84-9185-532-3
1º	Ciencias Sociais	Construíndo mundos	Galego	Santillana	978-84-9185-414-2
1º	Ciencias da Natureza	Construíndo mundos	Galego	Santillana	978-84-9185-411-1
1º	Matemáticas 1º trimestre 2º trimestre 3º trimestre	Construyendo mundos. Mochila ligera	Castelán	Santillana	978-84-680-7131-2
1º	Inglés	KIDS CAN! 1 Pb&ExtraFun ePK	Inglés	MacMillan E.L.T.,	978-13-8005-166-0

1º	Música	Novo Tiroliro. Construíndo mundos	Galego	Santillana	978-84-9185-401-2
----	--------	---	--------	------------	-------------------

**Segundo:**

Curso	Área	Proxecto	Idioma	Editorial	ISBN
2º	Lengua Castellana 1º TRIMESTRE 2º TRIMESTRE 3º TRIMESTRE	Construyendo mundos (Mochila ligera)	Castelán	SANTILLA NA	978-84-144-0762-2
2º	Lingua Galega 1º TRIMESTRE 2º TRIMESTRE 3º TRIMESTRE	Construíndo mundos (Mochila lixeira)	Galego	SANTILLA NA	978-84-9185-675-7
2º	Ciencias Sociais	Construíndo mundos	Galego	SANTILLA NA	978-84-9185-696-2

2º	Ciencias da Natureza	Construíndo mundos	Galego	SANTILLA NA	978-84-9185-694-8
2º	Matemáticas 1º TRIMESTRE 2º TRIMESTRE 3º TRIMESTRE	Construyendo mundos (Mochila ligera)	Castelán	SANTILLA NA	978-84-144-0763-9
2º	Inglés	KIDS CAN! 2 Pb e PK	Inglés	MacMillan E.L.T.	97813800 51790

**Terceiro:**

Curso	Área	Proxecto	Idioma	Editorial	ISBN
3º	Lengua Castellana 1º TRIMESTRE 2º TRIMESTRE 3º TRIMESTRE	Construyendo mundos. Mochila Ligera	Castelán	Santillana	978-84-680-7201-2

3º	Lingua Galega 1º TRIMESTRE 2º TRIMESTRE 3º TRIMESTRE	Construíndo mundos.	Galego	Santillana	978-84-9185-409-8
3º	Ciencias Sociais	Construíndo mundos.	Galego	Santillana	978-84-9185-416-6
3º	Ciencias da Natureza	Construíndo mundos.	Galego	Santillana	978-84-9185-410-4
3º	Matemáticas 1º TRIMESTRE 2º TRIMESTRE 3º TRIMESTRE	Construyendo mundos. Mochila Ligera	Castelán	Santillana	978-84-680-7136-7
3º	Inglés	KIDS CAN!3 Pb e PK	Inglés	MacMillan E.L.T.	978-13-8007-286-3

**Cuarto**

<b>Curso</b>	<b>Área</b>	<b>Proxecto</b>	<b>Idioma</b>	<b>Editorial</b>	<b>ISBN</b>
4º	Lengua Castellana 1º TRIMESTRE 2º TRIMESTRE 3º TRIMESTRE	Construyendo mundos	Castelán	Santillana	978-84-144-0738-7
4º	Lingua Galega 1º TRIMESTRE 2º TRIMESTRE 3º TRIMESTRE	Construíndo mundos	Galego	Santillana	978-84-9185-705-1
4º	Ciencias Sociais	Construíndo mundos	Galego	Santillana	978-84-9185-698-6
4º	Ciencias da Natureza	Construíndo mundos	Galego	Santillana	978-84-9185-692-4

4º	Matemáticas 1º TRIMESTRE 2º TRIMESTRE 3º TRIMESTRE	Construye ndo mundos	Castelán	Santillana	978-84-144-0769-1
4º	Inglés	KIDS CAN!4 Pb e PK	Inglés	Macmillan	97813800 72870

**Quinto:**

O alumnado traballará con E-Dixgal.

Curso	Área	Proxecto	Idioma	Editorial	ISBN
5º	Matemáticas Caderno	Construyen ndo mundos	Castellano	Santillana	978-84144-0404-1

**Sexto:**

O alumnado traballará con E-Dixgal.

Curso	Área	Proxecto	Idioma	Editorial	ISBN
6º	Matemáticas Caderno	Construyen ndo mundos	Castellano	Santillana	978-84-144-0364-8

#### **4. ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

- Plan de Orientación Educativa (ANEXO I)
  - Plan xeral de atención á diversidade
  - Plan de Actuación da mestra de Pedagoxía Terapéutica
  - Plan de Actuación da mestra de Audición e Linguaxe

#### **5. PROXECTOS E PROGRAMAS A DESENVOLVER NO PRESENTE CURSO**

- Este curso continuamos co proxecto E-Dixgal nos grupos de 5º e 6º de primaria.
- Dende o curso 13-14 formamos parte da Rede de Centros Plurilingües de Galicia, este ano o plurilingüismo será en 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º curso de Educación Primaria nas área de Plástica. Impartida polos mestres: Rocío Graña Iglesias, Iria López López, Iria Coello Alonso, Aurora María Santalla Ramos, profesores CLIL .
- Este curso continuamos co programa Plurinfantil, coa impartición dunha sesión de plástica en lingua inglesa en cada un dos grupos da etapa pola mestra Iria Coello Alonso e Aurora María Santalla Ramos.

O centro ten adxudicada unha auxiliar de conversa, Abigail Emslander, que desenvolverá a súa actividade no noso centro dende o 1 de outubro de 2023 ata o 31 de maio de 2024.

- 5.1. Programa de dinamización da lingua galega (ANEXO II)
- 5.2. Plan Anual de Lectura (ANEXO III)
- 5.3. Proxecto lector – Plan de biblioteca (ANEXO IV )
- 5.4. Plan Dixital e E-Dixgal (ANEXO V)
- 5.5. Plan de autoprotección do centro (ANEXO VI)
- 5.6. Plan de acollida ao alumnado inmigrante (ANEXO VII)
- 5.7. Proxecto Lingüístico de Centro (ANEXO VIII)
- 5.8. Plan de Convivencia (ANEXO IX)
- 5.9. Plan de Igualdade (ANEXO X)
- 5.10. Plan de Comunicación (ANEXO XI)

### 5.11. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.

O centro dispón do seguinte persoal non docente:

- Persoal laboral de limpeza dependente do Concello:

- Clara Doce Blanco, desempeña o seu labor de limpadora no pavillón principal e tamén fai as funcións de conserxe do centro.  
Horario: de mañá 8:00 a 15:00.
- Outra persoa encargada da limpeza no pavillón pequeno desempeñando o seu labor a tempo parcial de tarde.

Os horarios serán flexibles axustándooos sempre ás necesidades do centro.

- Coidadora, Susana Ferreiro Seoane

### 5.12. Plan de actividades propostas polo ANPA (Anexo XII)

## **6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS (VER ANEXO XIII)**

Durante o curso escolar celebraranse as conmemoracións que veñen marcadas no calendario escolar, sempre en día lectivo e con actividades adaptadas ás dúas etapas (infantil e primaria) e que están especificadas nos plans que a comisión encargada elabora para cada conmemoración.

## **7. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

Os mestres do centro acoden a cursos e xornadas organizadas polo CFR incluídos no Plan de Formación Permanente do Profesorado. Tamén asisten a actividades e cursos organizados polo Concello, Sindicatos e diversas asociacións do pobo.

## **8. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN XERAL**

A CCP, mensualmente, fará un seguimento das medidas aplicadas para a consecución dos obxectivos propostos na PXA cara a detectar as insuficiencias da mesma e o seu grao de realización.

Trimestralmente, o Claustro de profesores valorará o grao de cumprimento dos obxectivos e faranse propostas de mellora.

Asemade poderá ser revisado cando o requira algúns dos sectores do Consello Escolar.

Por último a Memoria Anual, ao remate do curso, recollerá os resultados da avaliación final: grao de cumplimentos dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas e dos recursos aportados.

Dona Yaiza Linaje Álvarez, secretaria do CEIP Plurilingüe Santa María de As Pontes

**CERTIFICA:** Que na xuntanza do CLAUSTRO, celebrada o día 2 de outubro de 2023 foi aprobada a Programación Xeral Anual para o curso 2023-2024. E para que conste, expido e asino a presente certificación.

En As Pontes, a 2 de outubro de 2023.


A secretaria



Yaiza Linaje Álvarez

Vº e Prace

O director



Rodrigo López Felpeto-Beres



Dona Yaiza Linaje Álvarez,, secretaria do CEIP Plurilingüe Santa María de As Pontes

**CERTIFICA:** Que na xuntanza do CONSELLO ESCOLAR celebrada o día 2 de outubro de 2023 foi aprobada a Programación Xeral Anual para o curso 2023-2024.

E para que conste, expido e asino a presente certificación

En As Pontes, a 2 de outubro de 2023.

A secretaria



Yaiza Linaje Álvarez

Vº e Prace

O director



Rodrigo López Felpeto-Beres

